



Concello de Meaño

BASES DE SELECCIÓN PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO PARA A CATEGORÍA DE PROFESORES, NAS DISTINTAS ESPECIALIDADES, PARA A ESCOLA DE MÚSICA MUNICIPAL DE MEAÑO E DE DIRECTOR/A DA ESCOLA DE MUSICA.

Primeira.- OBXECTO.-

É obxecto desta convocatoria, a selección en réxime de concorrencia competitiva e de acordo cos principios de igualdade, mérito, capacidade, obxectividade e publicidade, e transparencia, de aspirantes para a formación dunha bolsa de traballo para a cobertura temporal a tempo parcial de profesores/as para a Escola Municipal de Música, nas distintas especialidades que se indican, e de Director/a da mesma, no marco do artigo 3.3.a) e Disposición adicional cuarta da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local:

· Música e movemento	· Trombón
· Linguaxe musical	· Trompa
· Coro	· Inicio linguaxe musical
· Guitarra	· Frauta
· Saxofón	· Conxunto musical-banda
· Bombardino/Tuba	· Clarinete
· Chelo	· Trompeta
· Fagot	· Percusión
· Oboe	· Piano

A xornada laboral correspondente a cada profesor/a, non se poderá determinar ata o remate do proceso de matrícula do total do alumnado. Tanto o número de horas como a súa distribución poderá ser modificada en función do número de alumnos/as existentes en cada momento de vixencia do respectivo contrato.

A impartición de cada especialidade e a efectividade da contratación estará condicionada a que o número de matriculados sexa suficiente para a formación do grupo.

Segunda.- DURACIÓN DO CONTRATO E VIXENCIA DA BOLSA.

1. Duración.

a) Con carácter xeral a duración do contrato virá determinada polas necesidades de contratación laboral temporal xurdidas neste servizo segundo os distintos supostos previstos pola normativa.





Concello de Meaño

b) Polo que respecta o curso 2019-2020 a duración inicial prevista é dende outubro ata o 31 de decembro, prorrogable ata o remate do curso 2019-2020, vinculado a aprobación do Presuposto 2020 ou prórroga do vixente, ou a adopción das medidas legais que se poidan derivar da resolución do Procedemento Ordinario 310/2018 que se segue no Xulgado do Social nº 4 de Pontevedra.

De non garantirse un mínimo de alumnos suficientes e a viabilidade económica para impartir a especialidade concreta, o Concello de Meaño, poderá suspender o servizo e prescindir do profesorado antes da finalización do curso correspondente. En tal suposto, o profesorado contratado volverá a incluírse na Bolsa de Traballo, de acordo coas normas de funcionamento da mesma.

2. Vixencia da bolsa

A bolsa, para cada especialidade estará en vigor ate a formación dunha nova bolsa na mesma especialidade, tendo, en todo caso, unha duración máxima de dous anos dende a formación da mesma.

Terceira.- RETRIBUCIÓN

As retribucións serán as establecidas no Presuposto Municipal, sen prexuízo do que se estableza na lexislación básica estatal que se dicte ao amparo do disposto nos artigos 149.1.13.^a e 156.1 da Constitución.

A xornada, ao longo da duración do contrato, poderá verse modificada en función das necesidades do servizo modificándose proporcionalmente as retribucións.

Cuarta.- REQUISITOS.-

1.- Os requisitos a continuación enumerados, serán imprescindibles para o acceso a praza.

a).- Ser español ou nacional dalgún Estado membro da Unión Europea, ou ser o seu cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito ou ser descendentes dos primeiros ou do cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores dependentes, ou ser persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola comunidade europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos do Art. 57.1 da Lei 7/2007 de 12 de abril do Estatuto do Empregado Público, ou ser estranxeiro con permiso de residencia e traballo en vigor.

b).- Ser maior de 16 anos de idade e non haber alcanzado a idade de xubilación forzosa.

c).- Estar en posesión do Título Profesional de Música ou Título Superior de Música na especialidade a que se opte.

-Para as especialidades de Música e Movemento e Iniciación á Linguaxe Musical, os/as aspirantes deberán de estar en posesión do título de Diplomado/a Mestre en educación musical.

- Estar en posesión de calquera outra titulación que resulte equivalente a algunha das anteriores, segundo a especialidade á que opten. As equivalencias haberán de ser debidamente acreditadas polos aspirantes.

d).- Non estar separado do servizo de ningunha administración pública en virtude do expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado, por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

e).- Ter capacidade funcional para os desempeño das tarefas do posto a que se opte.





Concello de Meaño

- f) Non padecer enfermidade ou defecto físico que o imposibilite para o desempeño das funcións correspondentes o posto.
- g) Carecer de antecedentes penais por delitos de natureza sexual.
- h) Aboar a taxa por dereitos de exame.

2.- Os aspirantes deberán reunir tódolos requisitos esixidos no punto anterior o día que finalice o prazo para presentar as solicitudes de participación no proceso selectivo.

Quinta.- PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS.-

1.- As persoas que desexen tomar parte no proceso selectivo convocado, deberano facer constar mediante unha instancia dirixida á Alcaldía do Concello, na que manifestarán, ademais dos datos persoais co enderezo, a denominación do posto de traballo convocado ó que optan, facendo constar que reúnen todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria.

2.- Para ser admitidas no proceso selectivo as persoas que desexen tomar parte no mesmo, deberán aboar o importe de 5,00 € en concepto de dereitos de participación, no período de presentación de instancias na conta bancaria do Concello de Meaño aberta en ABANCA nº ES03 2080 5044 31 3040001099.

3.-O prazo de presentación de instancias é de CINCO (5) días hábiles, contados a partir do seguinte o da publicación do anuncio desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

4.- A presentación de solicitudes poderá facerse ben no Rexistro Xeral do Concello, situado na Casa Consistorial de Meaño, R/campo da Feira nº 1 (Meaño), ben en calquera das formas establecidas no art. 14.6, da Lei 39/2015 do 1 de outubro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; as solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo/a funcionario/a de Correos antes de ser certificadas.

Os/as aspirantes que non presenten as solicitudes directamente no Rexistro Xeral do Concello deberán comunicalo por telegrama, fax, ó número 986747391 ou por correo electrónico a concellodemeano@concellodemeano.com no mesmo día da súa presentación.

O Concello facilitará o modelo de solicitude ós/as interesados/as que a soliciten, podendo tamén obterse na páxina Web do Concello www.concellodemeano.com

A solicitude irá acompañada da seguinte documentación:

- * Fotocopia compulsada do DNI.
- * Xustificación de ter aboado os dereitos de participación (dentro do prazo de presentación de instancias, non subsanable fora deste prazo).
- * Fotocopia compulsada da titulación esixida para participar no proceso selectivo.
- * Fotocopia compulsada da experiencia profesional, a formación e os títulos que se aleguen como méritos para a fase de concurso. En ningún caso serán valorados aqueles méritos que non fosen alegados ou xustificados debidamente no momento de finalizar o prazo de presentación de instancias, nin aqueles documentos que non conteñan os datos que sexan necesarios para valorar os méritos a que se refiren.
- * Acreditación de dispoñer do CELGA 4, Perfeccionamento ou equivalente no idioma galego para acadar a exención da realización da proba de coñecemento do idioma galego.





Concello de Meaño

Sexta.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.-

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía dictará resolución coa lista de admitidos/as e excluídos/as, especificando, no seu caso, os motivos de exclusión, que será publicada na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello.

Os/as aspirantes excluídos/as ou omitidos/as disporán do prazo de DOUS (2) DIAS HÁBILES, contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución, para poder enmendar, si é enmendable, o defecto que motiva a súa exclusión. No suposto de producirse reclamacións ditarase unha nova resolución estimándoa ou desestimándoa e aprobando a lista definitiva que se publicará na web e no taboleiro de anuncios do Concello. Xunto coa lista definitiva sinalarase o día e hora da reunión da Comisión de Valoración para a súa constitución e data de realización das sucesivas probas.

Sétima.- PROCEDIMIENTO SELECTIVO.-

O sistema selectivo será o de CONCURSO-OPOSICIÓN.

FASE DE CONCURSO: Valoraranse os seguintes méritos:

A.- Experiencia Profesional.: A puntuación máxima deste apartado será de 1 punto.

-Por ter prestado servizos como profesor/a ou formador/a musical en Escolas de Música ou similares dependentes e xestionadas directamente por Concellos ou outras administracións públicas mediante unha relación laboral contractual ou como funcionario/a interino/a ou de carreira:

- 0,08 puntos por cada mes traballado a xornada parcial;
 - 0,12 puntos por cada mes traballado a xornada completa;
- Non se computarán fraccións inferiores a meses completos.

-Por ter prestado servizos como profesor/a ou formador/a musical en Escolas de Música ou similares dependentes de Concellos ou outras administracións públicas e xestionadas por empresas privadas ou en centros privados mediante unha relación laboral contractual:

- 0,06 puntos por cada mes traballado a xornada parcial;
- 0,10 por cada mes traballado a xornada completa;

Non se computarán fraccións inferiores a meses completos.

A experiencia profesional deberase acreditar mediante orixinais ou copia compulsada de:

- * Contratos de traballo xunto co informe de vida laboral actualizada.
- * Certificados de empresa no que conste a ocupación para a que foi contratado, a data de inicio e fin da contratación, así como o tipo de xornada entre outros datos xunto co informe de vida laboral.





Concello de Meaño

Non se valorará nin se terá en conta aquela experiencia profesional que non se axuste o disposto neste apartado.

B.-Formación

B.1.- Académicos: A puntuación máxima deste apartado será de 1 punto

-Por estar en posesión do título de Grado Superior: 1 punto

-Por estar en posesión do título de Diplomado/a Mestre en educación musical: 1 punto

-Masters: Por cada título de master organizado, impartido ou homologado por institucións ou organismos oficiais, universidades, colexios oficiais relacionado co obxecto da prestación:

- De duración igual a un ano: 0,5 puntos
- De duración igual a dous anos: 1 punto

Cando estes masters sexán organizados, impartidos ou homologados por institucións ou organismos oficiais, universidades, colexios oficiais con residencia no estranxeiro deberá achegarse xunto coa certificación acreditativa de telo realizado certificado da tradución do mesmo expedida por traductor oficial, en caso contrario nos serán valorados.

Non se valorarán na fase de concurso as titulacións que se teñan en conta como requisito de admisión.

B.2.- Cursos: a puntuación máxima deste apartado será de 1 punto.

Por ter asistido a cursos, en calidade de activo, organizados, impartidos ou homologados por institucións ou organismos oficiais, sindicatos, universidades, colexios oficiais ou escolas e administracións públicas, relacionados co obxecto da prestación:

- De duración igual ou superior a 50 horas: 0,40 puntos
- De duración igual ou superior a 40 horas: 0,30 puntos
- De duración igual ou superior a 20 horas: 0,20 puntos
- De duración igual ou superior a 10 horas: 0,10 puntos


Os méritos deberán acreditarse mediante orixinal ou fotocopia debidamente compulsada do Diploma ou Certificación onde conste a denominación do curso e o número de horas deste.

B.3.- Coñecemento do idioma galego: A puntuación máxima deste apartado será de 0,80 puntos.

- Por ter acreditado o nivel Celga 4, equivalente ou superior: 0,80 puntos.

Deberá acreditarse mediante orixinal ou fotocopia debidamente compulsada do certificado.

En ningún caso serán valorados aqueles méritos que non fosen alegados e xustificados debidamente no momento de finalizar o prazo de presentación de instancias, nin aqueles





Concello de Meaño

documentos que non conteñan os datos que sexan necesarios para valorar os méritos que se refiren.

Valorados os méritos pola comisión de valoración, publicaranse no taboleiro de anuncios e na páxina Web do Concello.

FASE OPOSICIÓN:

A fase de oposición constará dos seguintes exercicios, de carácter obrigatorio e eliminatorio, que consistirán na realización das seguintes probas:

a) Proba Instrumental

Os candidatos que se presenten a convocatoria de praza de instrumento e coro serán citados para a proba instrumental a través de publicación no taboleiro de anuncios do Concello de Meaño.

Os/as candidatos/as deberán vir provistos de fotocopia de dúas obras de diferentes estilos.

A proba instrumental é de carácter obrigatorio e eliminatorio, valorarase de 0 a 4 puntos. Para superar este exercicio será preciso acadar un mínimo de 2 puntos.

b) Proba Didáctica

Os/as candidatos/as que se presenten as convocatorias de praza nas especialidades de Música e Movemento, Inicio a Linguaxe Musical e Linguaxe Musical e Banda terán que traer preparada a impartición dunha clase para explicarlle aos membros do tribunal nun tempo de 3 minutos.

Esta programación deberana traer impresa o día da proba e quedará en poder do tribunal.

A proba didáctica é de carácter obligatoria e eliminatoria, valorarase de 0 a 4 puntos. Para superar este exercicio será preciso acadar un mínimo de 2 puntos.

c) Proba de coñecemento do idioma galego:

Obrigatoria e non eliminatoria, para os aspirantes que non acrediten o nivel de coñecemento do idioma galego Celga 4, equivalente ou superior, que consistirá, a elección do tribunal, na redacción dun informe ou texto, ou nun ditado ou diálogo en relación coas funcións do posto durante un tempo máximo de 10 minutos. Neste exercicio valorarase a corrección fonética, gramatical e estilística, así como o emprego dun léxico adecuado ao tema exposto.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a cero con oito (0,8) puntos.

d) Entrevista:

A entrevista é de carácter obrigatorio e non eliminatorio, e versará sobre o coñecemento do posto ó que optan, programación, funcionamento dunha escola de música, experiencia e dispoñibilidade.

Valoración máxima da entrevista: 1 punto.

As puntuación da fase de concurso faranse públicas con anterioridade ao inicio da fase de oposición. Os aspirantes disporán dun prazo de DOUS (2) días hábiles, a contar desde o día seguinte ao da publicación das puntuacións da fase de concurso para facer alegacións ás





Concello de Meaño

mesmas.

Oitava. PUNTUACIÓN FINAL E RELACIÓN DE APROBADOS.-

A puntuación final será a suma das puntuacións obtidas na fase de concurso e na fase de oposición de acordo co baremo establecido nas bases. A comisión de valoración relacionará aos aspirantes por orde decrecente da puntuación final obtida e propondrá á Alcaldía:

- a formación dunha bolsa de emprego en cada unha das especialidades obxecto destas bases, con arreglo á puntuación final, en orde decrecente, obtida polos aspirantes que teñan superado o proceso selectivo de cada especialidade.

- a contratación inicial dos/as aspirantes que acaden a maior puntuación final atendendo as seguintes necesidades da Escola de Música, sempre que o número de matriculados sexa suficiente para a formación do grupo:

· 1 profesor/a Música e movemento	· 1 profesor/a Trombón
· 2 profesor/a Linguaxe musical	· 1 profesor/a Trompa
· 1 profesor/a Coro	· 1 profesor/a Inicio linguaxe musical
· 1 profesor/a Guitarra	· 1 profesor/a Frauta
· 1 profesor/a Saxofón	· 1 profesor/a Conxunto musical-banda
· 1 profesor/a Bombardino/Tuba	· 1 profesor/a Clarinete
· 1 profesor/a Chelo	· 1 profesor/a Trompeta
· 1 profesor/a Fagot	· 1 profesor/a Percusión
· 1 profesor/a Oboe	· 1 profesor/a Piano

As puntuacións finais e as propostas de formación de bolsas e de contratación inicial de persoal serán publicadas no taboleiro de anuncios e na páxina Web do Concello.

Os aspirantes disporán dun prazo de DOUS (2) días hábiles, a contar desde o día seguinte ao da publicación das puntuacións da fase de oposición para facer alegacións ás mesmas. A listaxe coas puntuacións será definitiva de non presentarse alegacións no prazo indicado.

No caso de quedar deserto o proceso selectivo por non superar ningún aspirante as probas ou por non se presentar ningún a mesma, a Alcaldía queda autorizada para convocar novamente tantas veces sexa preciso de conformidade coas presentes bases.





Concello de Meaño

Novena.- CREACIÓN E FUNCIONAMENTO DAS BOLSAS DE TRABALLO.-

A bolsa constituiráse en función da puntuación final obtida a través do sistema de concurso-oposición.

Non formarán parte da bolsa aqueles/as aspirantes que non superen a fase de oposición.

A bolsa estará ordenada de modo decrecente, de maior a menor puntuación, en función do resultado obtido a través deste procedemento, e empregarase para os supostos en que sexa precisa a contratación laboral temporal a xornada parcial na categoría de profesor de música nas distintas especialidades, así como para cubrir posibles baixas por incapacidade, vacacións, renuncia ou outras continxencias sobrevidas en función das necesidades de servizo.

Réxime de funcionamento da bolsa:

- As persoas integrantes da bolsa de traballo non perderán a orde de prelación que en cada momento lles corresponda, de tal modo que, se son contratados, rematada a contratación, retornarán ao posto que lle correspondería na lista.
- Comunicaráselle ó aspirante que corresponda, mediante chamamento telefónico, o lugar e data no que é preciso que se presente.
- Se o interesado, no prazo de dous días hábiles seguintes ao do chamamento, non manifesta a súa conformidade co ofrecemento, entenderáse que renuncia ó mesmo e procederáse a contactar do mesmo xeito co seguinte na lista da bolsa de traballo.
- Se no momento de ser chamado un/ha candidato/a renunciara, dita renuncia pode considerarse por “causa xustificada”; ou “non xustificada”.

Considerarase como causas xustificadas a renuncia a ocupar un posto de traballo, o que o suporá non perder o seu lugar na lista, as seguintes.

- A incapacidade temporal por enfermidade ou accidente (acreditado mediante parte médico).
- Estar traballando (acreditado mediante contrato de traballo e copia da vida laboral actualizada)

Se, pola contra, ao ser chamado/a renuncia ao posto sen causa xustificada, ou sen acreditar a mesma, a primeira vez pasará a ocupar o último posto da lista, e a segunda será excluído da mesma.

A renuncia voluntaria e sen xustificación a un contrato xa asinado antes da súa finalización, producirá os mesmos efectos que os sinalados no parágrafo anterior.

- En calquera momento os aspirantes poderán pedir a súa exclusión voluntaria da bolsa de traballo.
- Os integrantes da bolsa de traballo están obrigados a manter os seus datos persoais actualizados que faciliten a rápida localización, incluíndo a telefónica, sendo os únicos





Concello de Meaño

responsables da fidelidade dos mesmos.

Décima.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA PREVIA A FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.-

Os aspirantes propostos para a contratación presentarán no Rexistro do Concello a seguinte documentación no prazo establecido nas listas de puntuación final e proposta de contratación:

- * Tarxeta da Seguridade Social.
- * Certificación de conta Bancaria do que sexa titular e no que conste o código IBAN.
- * Acreditación médica de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida realizar as funcións propias do posto a desenvolver.
- * Certificado actualizado do Rexistro Central de Delincentes Sexuais, de carecer de antecedentes penais de natureza sexual.
- * Declaración xurada ou promesa de non estar separado do servizo de ningunha administración pública en virtude do expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado, por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

Undécima.- SELECCIÓN DE ASPIRANTES PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO DE DIRECTOR DA ESCOLA DA MÚSICA.

Unha vez publicadas as puntuacións finais, e rematado o prazo de alegacións, abrirase un prazo de TRES (3) DÍAS HÁBILES para a presentación de instancias para optar a desempeñar as funcións de dirección da Escola da Música.

Poderán optar ao desempeño das funcións de dirección da Escola de Música os/as candidatos/as propostos polos tribunais para a súa contratación inicial que acadasen as cinco puntuacións finais máis altas e que reúnan os seguinte requisitos, segundo os méritos alegados e xustificadas na fase de concurso:

- Dispoñer de título superior de música.
- Ter prestado servizo na Escola de Música Municipal de Meaño como mínimo durante 3 cursos, consecutivos ou alternos.

Duodécima.- Selección do/a Director/a da Escola de Música:

A selección do/a Director/a realizarase mediante a valoración dun "Proxecto educativo para o funcionamento da Escola de Música de Meaño" que deberán presentar os candidatos xunto coa instancia de participación na selección do/a director/a da Escola de Música e que conterà como mínimo:

- Obxectivos e calendario do centro, distribución horaria de asignaturas (nº de horas semana e mes),
- Relación de asignaturas, planos de estudos das especialidades (obxectivos, contidos e criterios de avaliación)
- Planes especiais de preparación para o acceso ó ensino regrado.





Concello de Meaño

O proxecto valorarase de 0 a 5 puntos.

Será proposto para as funcións de dirección o/a candidato/a que acade a puntuación máis alta no proxecto educativo.

A comisión de valoración relacionará aos aspirantes a Director/a por orde decrecente da puntuación obtida e propondrá á Alcaldía:

- a formación dunha bolsa de emprego de Director/a da Escola de Música, con arreglo á puntuación, en orde decrecente, obtida polos aspirantes a dito posto.
- a contratación como Director/a do/a aspirante que acaden a maior puntuación.

A bolsa así formada funcionará con arranxo ás normas establecidas na base novena.

Décimo Terceira.- COMISIÓN DE VALORACIÓN.-

Tanto para a selección dos aspirantes para a formación das bolsas de profesores das distintas especialidades como para a dos aspirantes director/a da Escola de Música, constituirase unha comisión que estará integrada por:

PRESIDENTE/A.- Informadora Xuvenil do Concello de Meaño D^a Cristina García González, suplente: un funcionario/a ou laboral fixo doutras administracións relacionados con esta materia.

SECRETARIA.- A Secretaria-Interventora do Concello de Meaño D^a M^a Teresa Escudero Barral, suplente : D^a M^a del Mar Pereira García, Técnico Medio Administración Xeral do Concello de Meaño.

VOCAIS.- Dous funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo doutras administracións relacionados con esta materia e a Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Meaño D^a Isabel Amil Núñez;

Suplente: Pastora Castro Lema, Funcionaria do Concello de Meaño.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros titulares.

Os membros do tribunal deberán absterse de formar parte do mesmo, cando concorran as circunstancias previstas na Lei 40/2015 ou no artigo 13.2 do Real Decreto 364/1995 de 10 de marzo.

Os aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal nos termos establecidos na Lei 40/2015.

O tribunal poderá asesorarse polos técnicos que considere conveniente, que actuará con voz pero sen voto.

Décimo Cuarta.- IMPUGNACIÓN DA CONVOCATORIA E INCIDENCIAS.

O feito de presentar instancias solicitando tomar parte na convocatoria constitúe sometemento expreso dos/as aspirantes ás presentes bases reguladora da mesma.

As bases da convocatoria e cantos actos administrativos deriven delas e das actuacións dos





Concello de Meaño

tribunais poderán ser impugnadas polos interesados, nos casos, formas e prazos establecidos pola Lei 39/2015, do 1 de outubro de Réxime Xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O tribunal queda facultado para interpretar as bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación e poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

Décimo Quinta .- DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Informámoslle que os datos persoais que nos facilite serán tratados para o proceso de selección realizado polo Concello de Meaño durante a duración do mesmo, baixo os requisitos do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos.

Neste senso, informámoslle que os seus datos persoais unicamente serán tratados para facerlle partícipe do proceso de selección de persoal realizado polo CONCELLO DE MEAÑO levando a cabo unha análise do perfil do solicitante co obxectivo de seleccionar ao mellor candidato para a posto vacante. Non se realizarán cesións de datos a terceiros nin transferencias internacionais de datos.

Poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión e oposición, limitación do tratamento e portabilidade de datos dirixíndose por escrito e achegando o seu DNI, á seguinte dirección CONCELLO DE MEAÑO Rúa Campo da Feira nº1, CP 36968, Meaño (Pontevedra) ou ben ao seguinte correo electrónico concellodemearno@concellodemearno.com.

A base xurídica deste tratamento é o seu consentimento, por tanto, no caso de non estar conforme con este tratamento non o poderemos incluír no proceso de selección obxecto desta convocatoria.

Meaño, O Alcalde D Carlos Vieitez Fernández.

Documento datado e asinado dixitalmente ao marxe.

